Facultar ao Alcalde-Presidente a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

13.-EXPEDIENTE Nº 725/2019 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión que se transcribe:

DITAME: DECLARACION DE URXENCIA.-

Pola Alcaldía-Presidencia ponse de manifesto aos membros da Comisión Informativa a necesidade de facer unha modificación da actual Ordenanza medioambiental, no apartado relativo aos ruídos e contaminación acústica.

Sinala que aínda que a actual Ordenanza de medio ambiente do Concello non recolle este apartado xa que se está a elaborar normativa municipal en base á lexislación autonómica sería convinte recoller o que agora se pretende co fin de evitar, por exemplo nos Cantos de taberna, que se poida incorrer en calquera infracción administrativa.

A Comisión á vista do anterior acorda estimar a urxencia e pasar ao estudo do asunto.

Sométese a debate a votación a seguinte proposta:

“INFORME-PROPOSTA

A contaminación acústica é, sen dúbida, un importante problema medioambiental ao que se enfronta a sociedade actual. O ruído pode definirse como o son molesto, que pode chegar a ser nocivo para a saúde das persoas.

Segundo o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985) é competencia propia municipal a protección contra a contaminación acústica. En consecuencia, tanto a normativa estatal como autonómica outórganlle á Administración Local un papel fundamental nesta área, instando aos Concellos á aprobación de ordenanzas nesta materia, ou á adaptación das existentes (artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e artigo 9 do DECRETO 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia).

A día de hoxe non se conta no Concello de Ribadeo con ordenanza específica de ruído. Compre destacar que na Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Ribadeo, no seu artigo 1, indícase que a contaminación acústica non é obxecto desta ordenanza, ao contar con ordenanza específica, a cal, como se indicou, nunca se chegou a aprobar. Pese a isto, esta ordenanza de medio ambiente dedica o seu último artigo, o 80, ás licencias de apertura e funcionamento das actividades produtoras de ruído.

Dentro dos emisores acústicos habituais en calquera municipio, débense salientar os bares e pubs pola súa sensibilidade, pola dificultade que entraña compaxinar o tempo de ocio duns veciños co descanso doutros, destacando a importancia que o sector hostaleiro ten no noso municipio e pretendendo sempre que esta actividade se desenvolva dentro dos requisitos establecidos para a mesma.

Sendo conscientes da necesidade de aprobar unha ordenanza específica de ruído para o Concello de Ribadeo, mentres tanto non ocorre, considérase de urxente necesidade contemplar dentro da Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Ribadeo a regulación das emisións acústicas dos locais de ocio como bares e pubs, para o cal se buscou unha redacción tomada doutros Concellos galegos á hora de contemplar esta situación, a introducir no artigo 80 desta ordenanza vixente. O que se busca é poder conciliar o tempo de ocio e descanso dos nosos veciños, que non resulten incompatibles un co outro, cumprindo sempre cos límites establecidos pola normativa estatal e autonómica en canto a emisións e inmisións acústicas derivadas dos establecementos hostaleiros como bares e pubs.

Aproveitando esta modificación do artigo 80 da Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Ribadeo, compre adaptar o mesmo ao actual réxime de control municipal sobre o exercicio de actividades, pois a actual redacción data do ano 2006.

En base ao anteriormente exposto, a redacción do artigo 80 da Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Ribadeo quedaría da seguinte maneira:

“Artigo 80.

1.- As licencias de apertura, comunicacións previas e funcionamento das actividades produtoras de ruídos quedarán sen efecto nos seguintes supostos:

a1).- Unha vez transcorridos seis meses desde a concesión de autorización de

funcionamento sen que se iniciara o exercicio da actividade.

a2).- Unha vez transcorridos seis meses dende a presentación da comunicación previa sen que se iniciara o exercicio da actividade.

b).- Unha vez transcorridos seis meses desde a retirada temporal da licenza e/ou declaración de ineficacia da comunicación previa cando non se abrise ao público nas condicións regulamentarias.

c).- Cando transcorridos seis meses desde que se fixese o requirimento por parte do Concello para a acometida de obras de adaptación do local, estas non se fixesen, ou cando o titular se dea de baixa en calquera dos impostos municipais ou autonómicos relacionados coa actividade ou se dea de baixa en servizos de calquera natureza indispensables para o exercicio da actividade.

d).-Cando o establecemento estivese máis de seis meses pechado ao público sen causa xustificada da que teña coñecemento a Administración.

2.- A revogación da licenza procederá nas infraccións moi graves.

3.- Mentres tanto non se desenvolva unha ordenanza específica de ruído, con carácter xeral, nos establecementos dos Grupos I a V permítese a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo, con ou sen amplificación. Non se poderán superar, en ningún caso, os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Para estes efectos enténdese por amenización musical a realización en directo de actuacións musicais ou músicovocais; e por ambientación musical a propagación ou difusión de música a partir dun sinal recibido por calquera medio de transmisión ou reproducida desde calquera clase de gravación diferente das actuacións ao vivo.

No caso de que se desenvolvan concertos en directo en establecementos habilitados para a prestación dese servizo como complementario doutra actividade principal, o aforo ou cabida do establecemento continuará sendo o correspondente á actividade principal. Considérase actividade principal a que conste no título habilitante do establecemento, a que é definitiva da súa categoría ou a que se desenvolva habitualmente.”

Polo exposto, fórmase a seguinte

PROPOSTA

Para que sexa modificado o artigo 80 da Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Ribadeo segundo a redacción anteriormente indicada e en base ás xustificacións expostas na presente proposta.”

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo realizándose a subseguinte tramitación regulamentaria coa exposición pública procedente.

14.-EXPEDIENTE NUM. 4094/2016 RELATIVO A CONCESIÓN PARA CONCESIÓN ZONA DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE PARA OFICINA TURISMO EN AS CATEDRAIS.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo que se transcribe textualmente:

“DITAME: DECLARACION DE URXENCIA.-

Pola Alcaldía-Presidencia ponse de manifesto a necesidade de adoptar acordo polo Pleno municipal de aceptar as condicións e prescripcións para concesión de dominio publico marítimo terrestre para insastlar a oficina de turismo na praia de As Catedrais.

A Comisión acorda por unanimidade dos seus membros estimar a urxencia do asunto e proceder ao seu tratamento.

ACEPTACIÓN CONDICIÓNS PARA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE INSTALACIÓN DE CASETA PARA TURISMO NA PRAIA DE AS CATEDRAIS.-

O Alcalde explica os trámites e xestións que se fixeron ante os diferentes organismos con motivo da insalación da caseta de turismo, que outros anos se instalou cunha autorización en vez de concesión.

Por Secretaría sinalase que se trata da aceptación das condicións e prescripcións para unha ocupación de 5,50 m2 no dominio público marítimo terrestre segundo se sinala na Resolución anexa de 18/02/2019 da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar e Prego de condicións que se une á mesma.

A concesión é de 15 anos prorrogables ata un máximo de 30.

A Comisión Informativa á vista do indicado, acorda por unanimidade dos seus membros presentes, prestar conformidade e ditaminar favorablemente o asunto para a súa elevación ao Pleno municipal.

Sen promoverse deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame transcrito e na súa consecuencia a aceptación das condicións para a concesión administrativa para instalación dunha caseta para oficina de turismo na zona da Praia de As Catedrais.

15.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE DECEMBRO DE 2018 E O 30 DE XANEIRO DE 2019 (EXPEDIENTE Nº. 485/2019). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.

*** MOCIÓN DO BNG SOBRE O TEXTAMENTO VITAL.**

*** MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS DO PP,MIXTO E PSG-PSOE SOBRE AXUDAS SOLIDARIAS AO HOSPITAL HIJAS DE GALICIA DA HABANA NO MARCO DO RIBADEO INDIANO.**

DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas atribucións entre o 1 de decembro de 2018 e o 31 de xaneiro de 2019.

DECLARACIONES DE URXENCIA.-

O Sr.Alcalde presenta, por razóns de urxencia unha modificación a operar na Ordenanza municipal reguladora do prezo público P1 pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro do Concello de Ribadeo.

A Corporación acorda declarar a urxencia da mesma, por unanimidade dos membros presentes pasándose en consecuencia ao estudo do asunto.

1.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO P1 POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta da Proposta que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación da ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A orixe da modificación, como se recolle na providencia de Alcaldía de 08/03/2019, radica na previsión que se contén na Ordenanza reguladora do prezo público e regulamento de réxime interior do centro “*Réxime de actualización dos prezos: incrementado cada ano co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística (IGE)*”.

Visto o informe emitido polo traballador social municipal en data 12/03/2019 que, en aplicación do disposto no artigo 3 do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR do hospital-asilo aprobado definitivamente polo pleno municipal na sesión de 19 xaneiro de 2009 e o artigo 4 da Ordenanza Reguladora do prezo público aprobada polo pleno o 24/03/2017 (BOP 01/07/2017), propón a actualización dos prezos actuais en función da variación do IPC galego entre 2017 e 2019, prazo no que non foron modificados, e que suporía a seguinte variación:

Tipo de praza	Prezo ano 2017	Prezo ano 2019
Praza residente válido	668,40 €	677,75 €
Praza residente dependente	891,20 €	903,68 €
Praza de emerxencia	1.100,00 €	1.115,40 €

Vistos os informes de intervención e tesourería desfavorables á proposta de 12/03/2019, que

se basean esencialmente para a formulación das desconformidades na Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía, que non permite a actualización de prezos en función de índices.

Considerando que o HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO é unha institución cunha orixe que se remonta aos anos 30 do século pasado, e que dende os seus inicios estivo xestionada por entidades de natureza relixiosa sen ánimo de lucro, circunstancia que deu lugar a que os seus prezos sempre tiveran un importe baixo e asequible para os veciños de Ribadeo e da súa contorna, con independencia da súa capacidade económica.

Tendo en conta ademais que, ata o exercicio 2009 xa co actual goberno, ningunha corporación municipal deste concello adoptou medida algunha para reconducir a situación, e tratar de adecuar a especial condición do asilo á realidade actual. Deste xeito no citado 2009 foi aprobada a ordenanza reguladora do prezo público que se atopa vixente, e foi aprobado tamén o regulamento de réxime interior da institución, que cando menos permitiron dar unha mínima cobertura xurídica ao seu funcionamento.

Tendo claro que, malia o sinalado, evidentemente a xestión actual do asilo municipal non se adecúa ás esixencias da lexislación de contratos, pero tendo en conta tamén que nos atopamos xusto neste intre nunha situación excepcional, cun novo centro de atención a maiores en pleno proceso de apertura, o que orixinará un drástico cambio na situación, e que existe non adoptar momentaneamente decisións transcendentales sobre o servizo.

Deste xeito, a intención municipal é, por suposto, que o asilo siga en funcionamento ao abrir a nova instalación, pero nese momento, coa cobertura do novo equipamento, serán menos traumáticas as decisións que podan adoptarse no relativo á súa xestión e financiamento, que quizais deba enfocarse á atención de usuarios válidos, polo seu carácter céntrico, e consecuentemente rebaixar o número de prazas para adecuarse á realidade das instalacións e ao espazo limitado que teñen.

Tamén, tanto pola Alcaldía como pola concellería delegada de saúde e servizos sanitarios, en estrita colaboración coa actual entidade xestora do asilo, se tratará de implementar tódalas suxestións e medidas que polos servizos técnicos e xurídicos se realicen en aras a mellorar a situación do servizo dentro do posible.

Considerando no entanto que, para que poda seguir funcionando cunha mínima normalidade, é preciso adaptar os prezos públicos que se cobran pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro do Concello de Ribadeo, que non se actualizaron dende o exercicio 2017, e que seguen a ser substancialmente máis baixos que en calquera instalación similar do entorno, malia o disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, lembrando ademais que a previsión de actualización que se ten pactado cos xestores é moi anterior á devandita norma.

Tendo en conta a seguinte normativa aplicable ao caso:

- Os artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 24 ao 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

- Os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO

ARTIGO 4. Contía

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

- Residentes válidos: 677,75 €/mes
- Residentes inválidos: 903,68 €/mes
- Praza de emerxencia/respiro TEMPORAL: 1.115,40 €/mes ou 37,18 €/día

En ningún caso a achega do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe desta, tanto para válidos como para inválidos

Os prezos actualizaranse cada ano co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística (IGE)

Segundo.- Expor ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza, durante o prazo de trinta días, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á proposta indicada nos seus propios termos.

DECLARACIÓN DE URXENCIA. 2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2019. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA RECONSTRUCCIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL “PEPE BARRERA”.-

O Sr.Alcalde da conta do procedemento previsto relativo ao asunto epigrafiado abríndose unha pequena deliberación entre os membros da Corporación.

Rematada a mesma, acórdase, por unanimidade dos membros presentes estimar a urxencia e pasándose en consecuencia ao estudo do asunto.

Dase conta da Proposta da Alcaldía que de seguido se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 08/2019 do Orzamento Xeral do exercicio 2019 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia-memoria de Alcaldía de inicio de data 12/03/2019 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente na existencia dunha serie de investimentos que poden reunir as características de financeiramente sostibles, de acordo co disposto na DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012, pero para os que aínda non foron elaboradas as correspondentes memorias esixibles pola normativa, nin foi prorrogada a posibilidade de aplicarse para 2019, e para os que non é conveniente retrasar cando menos a obtención da correspondente consignación orzamentaria, coa fin de que podan ser executados nesta anualidade. Tendo en conta que o concello conta a data de hoxe con remanente de tesourería que excede o superávit orzamentario suficiente para financiarlas, a pretensión será a tramitación dunha modificación de crédito na modalidade de suplemento empregando este remanente de tesourería como financiamento, e con posterioridade, se se prorrogan para 2019 as disposicións da DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012 e unha vez elaborados os correspondentes documentos técnicos, xustificar que se trata de investimentos financeiramente sostibles de xeito que non computen para a regra de gasto.

Neste caso trátase de mellorar as instalacións do estadio de fútbol municipal Pepe Barrera, tanto o céspede como o equipamento. Os traballos a realizar consistirán na renovación integral do céspede natural (drenaxe, rego, áridos, rootzone, semente) e mellora do equipamento (Iluminación, Banquiños, varanda perimetral, marcador e creación zona viveiro para tepe). O importe das actuacións ascenden a uns 421.832,67 €.

A idea final é que a inversión non sexa asumida na súa totalidade polo concello, aínda que polas datas en que teñen que ser tecnicamente desenvolvidos e rematados os traballos, é imprescindible que se dote agora o crédito suficiente para dar cobertura á totalidade do proxecto, para que poda iniciarse a contratación.

A estes efectos existe xa un compromiso por parte da Deputación de Lugo de facer fronte a unha terceira parte do custo por 140.000,00 €, que se fará firme no momento en que

incorporen os remanentes do exercicio 2018 e se asine o correspondente convenio. Consta tamén unha proposta por parte da Xunta de Galicia de financiar a actuación con 46.250,00 €, contía substancialmente inferior á que achegan os demais entes implicados, aínda que aquí a intención do concello e da Deputación de Lugo é que a axuda cando menos ascenda a unha terceira parte como asume o resto.

Así, a intención é non empregar e declarar como non dispoñible o crédito suplementado pola cantidade que finalmente se comprometan a achegar as demais administracións.

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de trescentos sesenta e sete mil euros (367.000,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 21/02/2019.

Visto o informe de Intervención emitido o día 13/03/2019 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario.
- Disposición Adicional 16ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 08/2019 de modificación do Orzamento Xeral de 2019 por importe de trescentos sesenta e sete mil euros (367.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2018, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 08 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2019 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

APLICACIÓNS E CONCEPTOS ORZAMENTARIOS AFECTADOS:

Altas nas aplicacións de gastos

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
342.61900	Instalacións deportivas.	89.755,72	367.000,00	456.755,72

	Outras inversións de reposición			
Total expediente de modificación de crédito 08/2019				367.000,00

Altas en conceptos de ingresos/Artigo 36.a) do Real decreto 500/1990

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	627.466,81	367.000,00	994.466,81
Total expediente de modificación de crédito 08/2019				367.000,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

TERCEIRO. – Que en virtude do disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se elaboren polos servizos técnicos municipais as memorias precisas para acreditar que os investimentos recollidos no presente expediente reúnen a condición de financeiramente sustentables nos termos esixidos pola lexislación vixente, para o caso de que se prorrogue para 2019 o sinalado na DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación á proposta indicada nos seus propios termos.

15.1 MOCIÓN DO BNG SOBRE O TESTAMENTO VITAL.

Por parte da Concelleira de Servizos sociais dona Sonia Meilán Vizoso procédese á exposición da Moción que de seguido se transcribe:

MOCIÓN SOBRE O TESTAMENTO VITAL

(OU DOCUMENTO DE INTENCIÓNS PREVIAS)

Exposición de motivos

Desde xuño de 2015, a lexislación galega regula os dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, Con ela, e tal e como se indica na súa exposición de motivos, preténdese "recoñecer a naturalidade da morte e procurar a paz ao final d a vida". Para que esta situación, caso de non poder ser afrontada en plena consciencia, se poida producir segundo as nosas conviccións, os profesionais sanitarios deben ter o suficiente apoio legal, a suficiente formación e os instrumentos legais que lles permitan respectar as nosas últimas vontades.

Dados os enormes avances científico-tecnolóxicos habidos na medicina, e o conseguinte aumento da nosa esperanza de vida, cada vez en máis ocasión atopámonos con pacientes con enfermidades crónicas, dexenerativas e/ou oncolóxicas que, dado o caso, poden chegar a unha situación de incapacidade para decidir de forma persoal e intransferíbel sobre a non prolongación dunha innecesaria situación de dor e sufrimento cando chega o inevitábel proceso da morte. Mais esta situación pode ocorrer tamén noutro tipo de circunstancias inesperadas (accidente de tráfico, etc.).

É por iso que cómpre coñecer que, se así o desexamos, podemos deixar expresadas as nosas últimas vontades a través dun testamento vital no que, ademais de indicar que non desexamos prolongar innecesariamente a nosa vida para evitar sufrir inutilmente, tamén poderemos facer referencia á posíbel doazón de órganos, etc., sempre, claro, respectando a propia autonomía e os valores de cada persoa.

Este documento de instrucións previas diríxese ao médico ou equipo sanitario que preste asistencia á persoa que o asinou e unicamente terá eficacia cando dita persoa se atope nunha situación que lle impida expresar persoalmente a súa vontade. Deberase presentar no "Rexistro galego de Instrucións Previas" ou en calquera das súas unidades. Tamén se poderá presentar en calquera centro do Servizo Galego de Saúde a través das traballadoras e traballadores sociais.

Calquera cidadán ou cidadá ribadenses poderla entregar o seu testamento vital no centro de Saúde de Ribadeo, onde se lle dará o traslado oportuno; pero, en caso de querer entregalo nunha unidade do Rexistro Galego De Instrucións Previas tena que se desprazar ata Lugo, pois en toda a provincia só hai unha unidade, cousa que non ocorre coa provincia da Coruña (onde hai nove), nin coa de Pontevedra (onde hai cinco) nin coa de Ourense (onde hai oito). Cremos que, de cara a facilitar máis o labor para as persoas que desexen entregar o seu documento de instrucións previas, deberíase poder entregar tamén no Hospital da Mariña, así como no de Monforte de Lemos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG

Solicita do Pleno desta Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Coa fin de dar a coñecer a maneira de elaborar e asinar este documento de instrucións previas, solicitamos da Consellaría de Sanidade que redobre os esforzos de divulgación da existencia desta posibilidade de manifestarmos a nosa última vontade de cara a logramos unha morte digna a través da sinatura do documento de instrucións previas.
2. Solicitar tamén, da Consellana de Sanidade, que habilite unha Unidade do "Rexistro Galego de Instrucións Previas" no Hospital da Mariña a fin de facilitar a entrega deste documento de instrucións previas para equiparar a nosa área sanitaria con calquera outra do país no referido

ao tema do testamento vital.”

Sometida a votación a Moción de referencia resulta aprobada por trece dos catorce membros da Corporación presentes na sesión e cunha abstención da concelleira do Grupo municipal popular dona María Rosina Tosar López.

15,2 MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR DE RIBADEO (PPdG), DE GRUPO MIXTO, E GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A REALIZACIÓN DE AXUDAS SOLIDARIAS AO HOSPITAL HIJAS DE GALICIA DA HABANA NO MARCO DE RIBADEO INDIANO.

Dase conta da Moción, polo voceito do Grupo Municipal do Partido Popular Sr. López Penabed, que se transcribe

MOCION.- Os Grupos Municipais do Partido Popular de Ribadeo (PPdG), Gupo mixto e Partido Socialista de Galicia-PSOE, en base á lexislación vixente, presentan diante do Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo esta moción relativa á posta en marcha de accións tendentes a recabar axudas solidarias no marco de Ribadeo Indiano para paliar os danos infrinxidos por un tornado no Hospital Hijas de Galicia da Habana perante o recente temporal que asolou a lila de Cuba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O pasado 27 de xaneiro un forte tornado azoutou a cidade da Habana (Cuba) causando cuantiosos danos materiais e persoais. Polo menos 6 mortos, 172 feridos e 3.780 vivendas afectadas (das que 372 son derrubes totais e 518 parciais) son, polo de agora, o balance da catástrofe acaecida.

2.- No Hospital Materno Hijas de Galicia —así chamado popularmente aínda que oficialmente o seu nome sexa Hospital Materno Infantil Diez de Octubre- situado no conceilo habaneiro de 10 de Outubro, houbo que evacuar á totalidade do persoal, das nais e dos nenos residentes, ante os graves danos sufridos nas instalacións con caída de teitos, rotura de portas e ventas, derrube de paredes e outros.

3.- A sociedade Hijas de Galicia naceu en 1917 para defender, apoiar e asistirás mulleres galegas que estaban en situación de desamparo e marxinación. Chegou a contar con 58.000 asociadas e en 1924 construíu un Hospital e un Balneario na Praia de Miramar para repouso de enfermos e lugar de ocio. Nos períodos 1942-1944 e 1946-1949, tivo como presidente a Antonio Bouso, un emigrante de Riotorto que contou na directiva con outros dous riotortenses, José e Andrés Bargeiras. O Hospital Materno Hijas de Galicia, hoxe en mans do goberno cubano, segue no mesmo lugar como un monumento posto en pé á solidariedade que exerceron os galegos polo mundo.

4.- A edición deste ano de 2019 da festa de Ribadeo Indiano dedícase a Cuba. Unha fermosa celebración coa que os ribadenses ponemos en valor o noso rico legado emigrante e celebramos valores como a integración, a solidariedade, a concordia e a interculturalidade. Unha festa que quere contribuir non só a que os países que acolleron aos nosos emigrantes non sexan só os lugares onde repousa boa parte da memoria de Galicia senón tamén, e sobre todo, territorios de futuro, prósperos e útiles para todos a través do mutuo intercambio e do coñecemento mutuo.

Polas anteditas razóns, os Grupos Municipais do Partido Popular de Ribadeo (PPdG), Grupo mixto e Partido Socialista de Galicia-PSOE someten á consideración do Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo esta moción para que se adopten os seguintes.

ACORDOS:

- Que esta edición do Ribadeo Indiano inclúa, nas datas da celebración da festa no mes de xullo ou de meses anteriores, unha serie de proxectos e actividades —que poden ser, entre outras, concertos, mercados solidarios, poxas de arte, apertura dunha conta corrente para recadar donativos, accións concretas nas distintas parroquias e en medios de comunicación, etc. etc. tendentes a solicitar axudas económicas para contribuir a restaurar, total ou parcialmente, o Hospital Materno Hijas de Galicia da Habana, en Cuba Seria un pequeno xeito de devolver tanta solidariedade e tanto apolo como brindou Cuba, e o pobo cubano, aos emigrantes galegos e, particularmente, ás mulleres emigrantes galegas.
- Instar ao Alcalde-Presidente e ao goberno do Concello de Ribadeo a que se dirixan ás autoridades cubanas ou ás súas delegacións, embaixadas ou consulados en España para que informen sobre a forma de canalizar debidamente as axudas que eventualmente poidan acadarse de xeito que cumpran, de modo estrito e rigoroso, coa legalidade vixente no noso ordenamento xurídico e, en particular, coa Lei de Bases de Réxime Local que rexe a vida e as accións dos nosos concellos.
- Instar ao Alcalde e ao goberno de Ribadeo a que faga un chamamento á sociedade galega e ás súas institucións (asociacións e entidades sectoriais, organismos públicos como a Xunta de Galicia, Deputacións, concellos, etc.) para que se sumen a esta iniciativa solidaria e fagan as súas aportacións a través das contas e mecanismos que habilite Ribadeo Indiano.”

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que parte dos tres puntos que se solicitan xa están feitos e que o Grupo de goberno non se opón a nada do que se indica. Sinala igualmente que no tocante as axudas dinerarias debe terse en conta que se se trata de aportacións ao Concello para logo derivar trataríase de diñeiro público polo que se deben revisar este tema.

Da conta igualmente dun correo do Cónsul General de Cuba en Santiago de Compostela lendo o contido do mesmo.

O Sr. López Penabad sinala que se alegra por que parte do contido estea arranxado.

No tocante ás axudas para recadar donativos sinalase que sería convinte abrir unha conta solidaria nun Banco e que se vai mirar este asunto.

Á vista do anterior propónse a aprobación da Moción cunha emenda no punto primeiro da parte dispositiva da Moción que, entón, quedaría do seguinte xeito:

- Que esta edición do Ribadeo Indiano inclúa, nas datas da celebración da festa no mes de xullo ou de meses anteriores, unha serie de proxectos e actividades —que poden ser, entre outras, concertos, mercados solidarios, poxas de arte, apertura dunha conta corrente para recadar donativos, accións concretas nas distintas parroquias e en medios de comunicación, etc. etc. tendentes a solicitar axudas económicas para **a adquisición dos recursos necesarios e definidos polos especialistas do devandito hospital** en Cuba. Seria un pequeno xeito de devolver tanta solidariedade e tanto apolo como brindou Cuba, e o pobo cubano, aos emigrantes galegos e, particularmente, ás mulleres emigrantes galegas.

A Corporación en votación ordinaria, por trece votos a favor e a abstención do Concelleiro do Grupo municipal popular don José María Suárez García, acorda prestar aprobación á Moción de referencia coa emenda indicada no punto primeiro da parte dispositiva sinalado anteriormente.

ROGOS E PREGUNTAS.-

DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE.-



Por parte da Concelleira dona Aurora González Ginzo do Grupo Municipal socialista formúlase un rogo para que se valore a utilización de pirotecnia silenciosa nas celebracións da vila, sinalando que a pirotecnia que se utiliza actualmente causa diferentes molestias a diversos colectivos de persoas e tamén aos animais. Sinala igualmente que en moitos sitios xa se está utilizando pirotecnia luminosa e con moitos menos decibelios.

O Sr. Alcalde manifesta que toma nota polo que lle poida quedar a esta Corporación e acepta o rogo.

A mesma Concelleira pregunta en relación ás duchas existentes no pavillón de deportes pequeno xa que ás veces a auga sae moi quente.

O concelleiro Sr. Castro Reigosa dí que lle chama a atención que saia quente a auga pero que en todo caso se mirará.

Pregunta tamén a mesma concelleira sobre a Memoria histórica que saíu na prensa e mais en concreto sobre un escrito que se recibiu no Concello indicando se non se referiría á Praciña de Pancho Maseda.

O Sr. Alcalde resposta que non pode ser sobre esa Praza porque o escrito referíase á vulneración da lei histórica e isto non vulneraría a mesma. Cre honestamente que se trata dun erro porque en Ribadeo xa hai tempo que se sacaron e a última actuación foi a retirada do escudo que había no inmovible de Aduanas.

Pregunta a Sra. González Ginzo se chegou o informe do Valedor do Pobo sobre as actuacións na Illa Pancha e no que se insta ao Concello a responder no prazo de quince días ás peticións do colectivo por Nuestro faro.

O Alcalde sinala que como non podía ser doutra maneira se recibiu e inmediatamente se deu resposta tanto ao Valedor como aos peticionarios.

Por último pregunta se o Concello se fai cargo da defensa xurídica dos membros da Corporación que resulten envoltos en procesos xudiciais como consecuencia de actuacións que dimanen do seu cargo.

Por parte da Secretaría respóndase que os custos son a cargo dos concelleiros e se as resolucións son absolutorias entón sí serían a cargo do Concello, indicando que non se pode anticipar diñeiro antes xa que está proscrito polo Tribunal Supremo.

DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR-

O Concelleiro do Grupo Municipal Sr. López Penabad formular un rogo para que se arranxe unha ponte que está tirada dende o ano 2010 na súa metade no río lexoso, por temas de accesibilidade, incendios, etc.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e cinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE